

CASA DOS ESPELLOS

revista poliédrica da cultura galega nº4- 2021



CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos
ISSN 2603-9583

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral
Carlos Barja Márquez
Adrián Feijoo Sánchez
Sara Fraga Pérez
Mateo Martínez Torres

Daniel P. Murado
José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro
Raúl Otero Sánchez
Juan Antonio Rodríguez Arnao
David Miguel Rodríguez Martínez

Roque Sanfíz Arias
Antía Seco Cendán
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera
Ricardo Varela Fernández

COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)
Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)
Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del
Pasatiempo)
David Martín López (Universidad de Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)
José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)
Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)
Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de
Morelos)

COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilarinho

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

DESEÑO E ILUSTRACIONES

Yosune Duo: Maquetación, Diana Sobrado: Portada Xeral //Portadas dos artigos- Carmiña Burana, Yosune Duo, Diana Sobrado, Jose Souto, Adriana Villamisar, Sonia Zarraguiños . Mar Vieites fixo o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos).

PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto




www.casadosespellos.gal



facebook.com/casadosespellos/



casadosespellos@gmail.com



Fontes documentais arredor dos García Naveira (IV): o patrimonio das Escolas e Asilo García Irmáns de Betanzos a través dos seus inventarios

pax8-33

ÁngelArcayBarralDanielLucasTeijeiroMosquera

Agasallos da Diáspora: proxecto de Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración en Galicia

pax34-41

AntíaSecoCendán

Dous bustos dos irmáns García Naveira creados por Indalecio Díaz Baliño e a Fundación Solórzano

pax42-51

DanielLucasTeijeiroMosquera

De cando as mulleres do Asilo García Irmáns bailaron e cantaron a ribeirana

pax52-71

SaraFragaPérez

A horta ilustrada de Antonio Raimundo Ibáñez

pax72-85

RicardoVarelaFernández

El Pasatiempo de Betanzos: imáxenes de un desatino

pax86-93 JoséRaimundoNúñez-VarelaLendoiro.CronistaoficialdeBetanzos

Recordando la Historia: postales de una filantropía

pax94-137

JuanAntonioRodríguezArnao

Reseña: Bieito Alonso (2019). Anarquistas galegos en América. Ed. Galaxia, Vigo

pax138-141

AdriánFeijooSánchez

El álbum de recuerdos

pax142-157 RaúlOteroSánchez

Requeixo: el balneario clandestino

pax158-165

CarlosBarjaMárquez

El Rexurdimento de la imaxinería: la escuela escultórica gallega contemporánea

pax166-179

DanielP. Murado

Historia de la tortilla de Betanzos

pax180-187

ÁngelArcayBarral

Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos

pax188-193 MateoMartínez Torres,DavidMiguelRodríguezMartínezeRoqueSanfizArias



ANARQUISTAS GALEGOS EN AMERICA

BIETTO ALONSO 2019. ED. GALAXIA, VIGO



RESEÑA: Bieito ALONSO (2019). Anarquistas galegos en América. Ed. Galaxia, Vigo.

Adrián Feijoo Sánchez

Historiador

<https://orcid.org/0000-0002-4381-5467>

Ilustracións: Jose Souto

Resumo

Recensión da obra "Anarquistas galegos en América", de Bieito Alonso.

Palabras chave: anarquismo, emigración, transnacionalismo, movemento obreiro.

Abstract

Book review of Bieito Alonso's "Anarquistas galegos en América".

Keywords: anarchism, emigration, transnationalism, labour movement.

O tema da emigración galega é un dos máis traballados da nosa historiografía. Contamos cunha gran diversidade de estudos e liñas de investigación, dende as colectividades que construíron os emigrantes nos países de destino, á influencia dos retornados e das ideas que traían consigo. Dende os roles das mulleres nun fenómeno maioritariamente masculino, ás actividades que ocupaban ós galegos en Bos Aires, Montevideo ou A Habana. Na Galiza construíuse unha bibliografía moi extensa, con nomes coma Pilar Cagiao, Xosé Manoel Núñez Seixas ou Ramón Villares, quen recentemente publicou un ensaio no que se analiza, entre outras cousas, o peso do fenómeno migratorio americano na construción nacional de Galiza (VILLARES (2019), *Galicia. Una nación entre dos mundos*. Barcelona: Pasado & Presente).

Desta última lectura sacamos unha idea interesante, que a podemos usar coma un acercamento ás ideas do libro a tratar: a Galiza contemporánea creouse en América, co intercambio de ideas mediante redes transoceánicas e a construción de plataformas para o desenvolvemento da nación cultural. Pero coma apunta Bieito Alonso, esas redes tamén serviron a outros proxectos, iniciativas que integra-

ron ó proletariado galego en América e Europa en movementos de dimensión global entre finais do século XIX e inicios do XX, coma o anarquismo. Nun contexto de explotación laboral e represións gobernamentais contra as iniciativas obreiras, coa economía capitalista en plena expansión, houbo ácratas que buscaron crear modelos alternativos de sociedade, de sistema produtivo, de cultura. E si, houbo galegos que participaron nos seus intentos de realización.

A obra de Bieito Alonso é un exemplo de que incluso nun campo de estudo tan visitado como o das emigracións americanas, sempre hai temas interesantes dos que investigar, realidades ocultas que esperan luz. Na introdución fala de que o seu primeiro acercamento foi a través de prensa microfilmada, onde xurdían nomes galegos que o levaron cara a costa este dos Estados Unidos e Cuba, a Panamá e ó barrio de Boca en Bos Aires. Este é por certo un dos grandes valores do ensaio, o gran bagaxe de fontes hemerográficas anarquistas consultadas, ó que hai que sumarlle unha ampla e diversa bibliografía sobre cuestións que inclúen o movemento libertario en América e o fenómeno migratorio, dende diferentes ópticas rexionais e historiográficas.



Pese a súa extensa labor de documentación, o mesmo Alonso admite nestas páxinas introdutorias as dificultades no tratamento do tema, coma as lagoas de información. Entre ese ácrata non sempre houbo conciencia de conservar as pegadas da súa labor, nin da importancia de manter esas memorias, tan necesarias para a construción da Historia dos grupos subalternos. Hai problemas para establecer exactamente algunhas cifras (coma as de deportados galegos de Arxentina e Cuba) en períodos concretos, pola falta de datos; as referencias ó protagonismo das mulleres son escasas; e resulta complicado establecer totalmente as identidades, roles e actividades de todos os actores da rede. Isto pode darnos unha idea do moito que queda por traballar sobre o tema e animar a futuras investigacións.

Seguindo coa introdución, Alonso comenta algúns dos aspectos clave destes anarquistas galegos. Por exemplo, o perfil deste grupo do proletariado galego, cun importante rol na creación e expansión de experiencias organizativas, conformábano homes emigrantes por motivos económicos ou fuxidos das quintas militares; a maioría con empregos con pouca ou ningunha cualificación; e que pese a súa falta de formación, serviron de cronistas, axitadores, coordinadores e patrocinadores dos movementos anarquistas por todo o continente.


No libro recóllense as experiencias dos que marchaban de Galiza e ían para Cuba, Arxentina, ou os EEUU, levando consigo o pensamento anarquista ou desenvolvéndoo nas sociedades de destino, creando ou participando en organizacións diversas. A represión governamental levábaos a un ciclo de fuxidas, deportacións e traslados a través dunhas fronteiras que para eles pouco significaban, cunha alta mobilidade e capacidade de adaptación. Para responder, esa represión tivo que evolucionar igualmente nas súas dimensións, e así controlar os movementos duns individuos "perigosos", ó xuízo da inmensa maioría de gobernos nacionais dun continente e doutro.

Así podemos falar tamén doutro dos piares fundamentais para entender as actividades dos anarquistas galegos en América: a realidade transnacional. Non podemos partir dun estudo que só illa ós casos por países e rexións específicas, sen reparar nos lazos que unían ós movementos entre si a través dos diferentes nodos (A Habana, Nova York, Bos Aires, Barcelona...), onde a gran canle de comunicación que era a prensa anarquista recollía as novas do movemento, as denuncias e as polémicas, que superaban ás realidades locais.

Esta dimensión transnacional tamén tivo o seu efecto na conformación das identidades dos emigrantes ácratas, e nas interaccións das mesmas. Porque se ben os anarquistas non sempre adoptaron de maneira absoluta os postulados internacionalistas da súa ideoloxía, e mantiveron certa fidelidade cara ás entornas de interacción social máis familiares, de maneira adxacente buscaban crear unha identidade nova que superase ás relacións capitalistas e as diferenzas étnicas. Eses valores "emancipadores" convivían cos discursos e accións onde se apelaban a referencias coma a lingua (castelá e galega), ou a vínculos parroquiais/locais, con fins estratéxicos en relación ás súas actividades políticas e propagandísticas.

Alonso dedica os seguintes capítulos á situación do anarquismo e dos anarquistas galegos en cinco zonas: Cuba, Panamá, Río da Prata (Arxentina-Uruguai), México e os Estados Unidos, sen obviar o necesario enfoque transnacional mencionado uns parágrafos atrás. En cada un deles faise unha panorámica das actividades anarquistas no país, dos roles e implicación dos ácratas galegos nas mesmas, na construción de redes de comunicación con outros países e da relación coas institucións gobernamentais (incluíndo ás políticas de represión).

Complétase esa visión do anarquismo galego-americano por país con perfís de diferentes persoeiros, os nomes que Alonso descubrira na investigación hemerográfica: Frank López, Luis



Barcia, Joaquín Ucha, Manuel Rodríguez, Antonio Loredó, Adrián Troitiño, José María Acha, María Collazo, Josefina Camaño ou Concepción Fernández. Todos emigrantes nados en Galiza ou de familia galega que serviron coma activistas e organizadores de iniciativas moi variadas, dende folgas a actividades periodísticas. Todos membros dunha historia da emigración diferente, lonxe dos soños de riqueza indianos que representaban os García Naveira de Betanzos, por exemplo.

O seguinte apartado céntrase nas circunstancias e roles da prensa anarquista, especialmente en relación á dimensión transnacional do movemento. Estes medios de comunicacións fundábanse e se financiaban pola iniciativa dos propios militantes e simpatizantes, dispoñendo de poucos medios e en ocasións, de pouca vida.

Pero eran uns medios que obedecían ós intereses dos seus lectores, manexados por obreiros, que ofrecían non só contidos informativos (noticias e denuncias) sobre acontecementos que ocorrían en diferentes puntos da rede ácrata continental. Tamén era un espazo de discusión de ideas, de debate e polémicas doutrinarias. En suma, uns medios de masas alternativos, froito e tamén garantes dunha cultura contra hexemónica.

O último capítulo fala da represión policial e gubernativa que estes emigrantes tiveron que afrontar, por mor das leis de deportación de estranxeiros. A maioría dos anarquistas que nomeamos foron deportados a España coma mínimo unha vez, e o evitaron saltando dun país a outro, ou retornaron clandestinamente cara América. Isto grazas a diferentes estratexias, coma aproveitarse da porosidade dos portos e das dificultades para aplicar a lexislación deportadora, así coma a apelación á solidariedade dos traballadores marítimos, onde abundaban os anarquistas. Pero desesa solidariedade aprenderon os gobernos, que dende inicio de século celebraron reunións internacionais dos seus servizos de policía para tratar a cuestión anarquista, e aumentaron a cooperación co intercambio de antecedentes e outras medidas.

Polo seu fundamento bibliográfico, ben construído; pola claridade do seu estilo, sen ir en detrimento da metodoloxía nin do vocabulario especializado; e polas ideas presentadas, pódese asegurar que Bieito Alonso creou unha boa monografía do tema do anarquismo emigrante en América, que poden gozar desfrutar ata os afeccionados á historia dende unha perspectiva máis xeneral. Pero non só iso, porque tamén abriu unha porta para que os investigadores especializados se mergullen nos campos de estudo do libro, e descubran máis nomes nas hemotecas e aclaren incógnitas mediante o estudo das fontes primarias e secundarias desta cara "oculta" da nosa historia.



NORMAS DE PUBLICACIÓN

TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da culturagalega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén cun interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve

resumen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabéticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor

coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

